

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO
PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA,
EXPEDIENTES LU89010:72, LU81010:15, EN SEGUNDAS OU POSTERIORES
TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DE LUGO

En data 22-10-2014 a xefatura territorial adoptou resolución sobre o inicio do procedemento de adxudicación en segunda ou posterior transmisión dos expedientes de VPP arriba indicados.

Transcorrido o prazo sinalado en dita resolución, non se presentaron interesados nin reclamacións.

En consecuencia,

RESOLVO

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, en segunda ou posterior transmisión, das vivendas protexidas de promoción pública, extes LU89010:72 e LU81010:15.

2º .Ordear a publicación desta resolución na páxina web do IGVS.

3º. Comunicar ós propietarios que as vivendas permanecerán en publicidade permanente, na web do IGVS, para xeral coñecemento.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugo, 19 de novembro de 2014
O xefe territorial da consellería de Medio ambiente,
Territorio e Infraestruturas,

Carlos Vila Pérez